



Expediente núm.: 119/2022

Resolución da alcaldía

Procedemento: Convocatoria Subvención Concurso Entroido Virtual 2022

Asunto: Concurso Entroido Virtual 2022

Documento asinado por: O alcalde

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que con data 11 de febreiro de 2022, por Providencia de Alcaldía, considerouse conveniente efectuar a convocatoria e concesión de subvencións por concorrencia competitiva do Concurso de Entroido Virtual 2022.

Visto que con data 11 de febreiro de 2022, emitiuse informe de Secretaría no que se indicaba a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para convocar e conceder as subvencións.

Visto que con data 11 de febreiro de 2022, emitiuse informe de Intervención sobre a existencia de crédito para a atención do gasto derivado da concesión de devandita subvención e efectuouse a pertinente retención do crédito dispoñible.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e a partida do Orzamento Xeral de 2022 específica para a concesión de subvencións para este programa

RESOLVO,

PRIMEIRO. Aprobar a concesión de subvencións para o Concurso do Entroido Virtual 2022, por procedemento de concorrencia competitiva, co texto que figura a continuación da presente resolución.

SEGUNDO. Fornecer, por parte da Intervención, á BDNS a documentación necesaria para que se proceda á publicación do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*.

Asinado dixitalmente ao marxe.

O Alcalde,
José M^a Bello Maneiro





BASES DA CONVOCATORIA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA SUBVENCIONAR O ENTROIDO VIRTUAL 2022 DO CONCELLO DE VALGA

1. OBXECTIVO

O obxectivo das presentes bases é regular as condicións do Entroido Virtual 2022.

2. PRESUPOSTO DISPOÑIBLE

As cantidades destinadas a esta convocatoria serán de:

- 1.430,00 euros, en premios, realizándose o gasto con cargo á partida orzamentaria 334.489.00.

3. CONCORRENCIA COMPETITIVA

Os premios inherentes a este concurso concederanse en réxime de concorrencia competitiva, previo estudo e valoración por parte do xurado.

4. PARTICIPANTES

Considéranse participantes ás persoas físicas particulares que cumpran cos requisitos establecidos nestas bases.

5. MODALIDADES E CATEGORÍAS

MODALIDADES	CATEGORÍAS	REQUISITOS
Infantís	Individual	de 0 a 14 anos.
	Parella	
	Grupo	
Adultos	Individual	a partir de 15 anos.
	Parella	
	Grupo	
Especial (Máximo 4 participantes)	Disfrace máis orixinal	Participarán todos os inscritos no concurso, valorándose por parte do





		xurado o mellor disfrace.
	Mellor disfrace de Mulleres Representativas da Historia	Poderán participar todos/as os/as participantes que queiran, coa única condición de que representen a calquera muller representativa da Historia en xeral.

No caso de inscribirse conxuntamente dúas ou máis persoas de distintas idades consideraranse inscritos na categoría de maior idade.

6. EMISIÓN E PAGO DOS PREMIOS

O Concello repartirá o presuposto dispoñible da seguinte maneira:

MODALIDADES	CATEGORÍAS	PREMIOS	
Infantís	Individual	1º Premio: 50 euros	
		2º Premio: 40 euros	
		3º Premio: 30 euros	
		4º Premio: 20 euros	
	Parella	1º Premio: 70 euros	
		2º Premio: 60 euros	
		3º Premio: 50 euros	
		4º Premio: 40 euros	
	Grupo	1º Premio: 90 euros	
		2º Premio: 50 euros	
	Adultos	Individual	1º Premio: 80 euros
			2º Premio: 70 euros
3º Premio: 50 euros			
4º Premio: 40 euros			
Parella		1º Premio: 100 euros	





		2º Premio: 80 euros
		3º Premio: 60 euros
		4º Premio: 40 euros
	Grupo	1º Premio: 100 euros
		2º Premio: 60 euros
Especial	Disfrace máis orixinal	Premio: 100 euros
	Mellor disfrace de Mulleres Representativas da Historia	Premio: 100 euros
	“Likes” *	Premio: 50 euros

*O premio “Likes” será outorgado ao disfrace de calquera categoría que conte co maior número de “Likes” na súa foto ou vídeo.

7. REQUISITOS PARA A CONDICIÓN DE PARTICIPANTE

Non poderán obter a condición de participantes as persoas en quen conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

8. CONCURSO

A metodoloxía do concurso levarase a cabo da seguinte maneira:

O Concello de Valga recibirá as participacións segundo o exposto no artigo 9 destas bases.

Unha vez finalizado o prazo de inscrición, e valorada a adecuación do material multimedia enviado para o concurso, o concello creará un álbum nas súas redes sociais oficiais (Facebook e Instagram) para que sexan visibles ao público en xeral. Isto farase os días 26 e 27 de febreiro. Durante estas datas os usuarios poderán valorar os disfraces que mais lles gusten para o premio especial de “Likes”.

O xurado valorará a orixinalidade, a imaxinación e o traballo empregado na elaboración dos disfraces; así como a posta en escena.

A resolución do concurso realizarase baixo os principios de transparencia, igualdade, obxectividade e non discriminación. A resolución será inapelable e os premios poderán declararse desertos se o xurado así o considera oportuno.





Dita resolución farase pública dous días despois do remate do concurso.

9. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN E ENVÍO DE MATERIAL MULTIMEDIA

O prazo de presentación das solicitudes de participación será ata o 24 de Febreiro de 2022, ás 15:00 horas.

Esta inscrición farase a través do correo comunicacion@valga.gal, enviando, a ficha de inscrición e o material fotográfico ou audiovisual. Só se admitirán unha fotografía ou vídeo por participante e categoría, sendo esta do ano en curso. A administración poderá solicitar os datos do arquivo orixinal para comprobar tal requisito.

En cada ficha deberán figurar os datos tal e como se indican:

- Categoría/s nas que se presenta. Só se poden anotar nunha categoría xeral e nunha ou nas dúas categorías da modalidade especial. A inscrición estará sempre suxeita ao cumprimento dos requisitos establecidos.
- Nome do disfrace.
- Nas categorías individual, parella ou grupo, nome e apelidos de todos/as os/as participantes (para menores de idade deberá constar, ademais, o nome e sinatura do/a pai, nai ou titor/a que será o/a responsable, ademais deberán cumprimentar a ficha de cesión de imaxe). O DNI, enderezo e teléfono de contacto.

10. TROCO E VIXENCIA DOS VALES

O Concello emitirá uns vales coas respectivas contías económicas. Poderase facer uso dos vales no comercio local de Valga.

Os vales poderán fraccionarse en vales de 20,00 euros mínimo, sempre que a contía así o permita; deste xeito facilítase a compra en varios locais Valga.

Estes vales serán entregados a partires do día que se faga pública a resolución do concurso se as condicións sanitarias o permiten.

Os beneficiarios disporán de todo o ano 2022 para facer uso dos mesmos no comercio local. Neste caso, deberá acompañar fotocopia do DNI e entregar o vale orixinal no comercio no que empregue o mesmo.





11. ÓRGANO COMPETENTE PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

O órgano competente para ditar cantos acordos se requiran no procedemento será o Alcalde do Concello de Valga.

12. COMPOSICIÓN E COMPETENCIAS DO XURADO

O xurado estará composto polo concelleiro de Cultura, a concelleira de Turismo e Novas Tecnoloxías, e representantes de distintas asociacións do Concello sendo necesario un mínimo de 5 membros.

O xurado resérvase o dereito a deixar deserto o concurso baixo os criterios de adecuación ao obxectivo do concurso ou á calidade.

Calquera incidencia non prevista nestas bases será resolta polo xurado, sen que contra a súa decisión proceda reclamación algunha.

O feito de participar no concurso supón a aceptación expresa do fallo do xurado. As decisións do xurado serán inapelables.

13. INFRACCIÓN E SANCIÓN

O xurado resérvase o dereito de rexeitar calquera obra que non cumprise cos distintos apartados establecidos nestas bases reguladoras.

14. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

Calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos premios dará lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co establecido no artigo 19.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

15. RÉXIME XURÍDICO

Ademais do disposto nas presentes bases, a presente convocatoria supeditarase ao establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Norma de execución presupostaria que se atope vixente en cada momento de cada convocatoria, e demais normativa que resulte de aplicación.

16. ACEPTACIÓN





A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade coas decisións do Xurado.

A organización resérvase o dereito a introducir, se o cre convinte, as modificacións necesarias para o bo funcionamento do concurso.

O dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución Española e regulado pola Lei 1/1982, de 5 de maio, sobre ao dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos. É por isto que, o CONCELLO DE VALGA, infórmalle que a **inscrición no concurso supón a prestación de consentimento para a publicación e uso por parte desta Administración das imaxes/vídeos e dos datos proporcionados, nos medios dixitais dos que dispón, tanto na páxina web como nos perfís das redes sociais do Concello de Valga, así como en vídeos, revistas ou publicacións relacionadas coa promoción do Concello de Valga.**





ANEXO I. FICHA INSCRIPCIÓN ENTROIDO VIRTUAL 2022

INFANTÍS (0 a 14 anos)	ADULTOS (a partir de 15 anos)
INDIVIDUAL <input type="checkbox"/>	INDIVIDUAL <input type="checkbox"/>
PARELLAS <input type="checkbox"/>	PARELLAS <input type="checkbox"/>
GRUPO <input type="checkbox"/>	GRUPO <input type="checkbox"/>
MULLER REPRESENTATIVA DA HISTORIA <input type="checkbox"/>	
DISFRACE (nome):	
Nome e apelidos do/a/s participante/s (para individual, parella e grupo todos/as; No caso de menores de idade deberán constar os datos da persoa representante maior de idade (pai/nai/titor/a)	
1.-Representante:.....	
2.-Participante.....	
3.- Participante:.....	
4.- Participante.....	
5.- Participante.....	
6.- Participante.....	
DNI:	
Enderezo:	
Teléfono/s:	
Enderezo electrónico:	
<p>O dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución Española e regulado pola Lei 1/1982, de 5 de maio, sobre ao dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos. É por isto que, o CONCELLO DE VALGA, infórmalle que a inscripción no concurso supón a prestación de consentimento para a publicación e uso por parte desta Administración das imaxes/vídeos e dos datos proporcionados, nos medios dixitais dos que dispón, tanto na páxina web como nos perfís das redes sociais do Concello de Valga, así como en vídeos, revistas ou publicacións relacionadas coa promoción do Concello de Valga.</p>	
En _____, a ____ de _____ de 2022	
ASINADO PARTICIPANTES (en caso de menor, pai, nai ou titor legal)	

Expediente núm.: 119/2022





Resolución de Alcaldía

Procedimiento: Convocatoria Subvención Concurso Entroido Virtual 2022

Asunto: Concurso Entroido Virtual 2022

Documento firmado por: El Alcalde

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que con fecha 11 de febrero de 2022, por Providencia de Alcaldía, se consideró conveniente efectuar la convocatoria y concesión de subvenciones por concurrencia competitiva para el Concurso de Entroido Virtual 2022.

Visto que con fecha 11 de febrero de 2022, se emitió informe de Secretaría en el que se indicaba la legislación aplicable y el procedimiento a seguir para convocar y conceder las subvenciones.

Visto que con fecha 11 de febrero de 2022, se emitió informe de Intervención sobre la existencia de crédito para la atención del gasto derivado de la concesión de dichas subvenciones y se efectuó la pertinente retención del crédito disponible.

Examinada la documentación que la acompaña, visto el informe de Secretaría, y de conformidad con el establecido en el artículo 20 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia y la partida del Presupuesto General de 2020 específica para la concesión de subvenciones para este programa

RESUELVO,

PRIMERO. Aprobar la concesión de subvenciones para Carnaval Virtual 2022, por procedimiento de concurrencia competitiva, con el texto que figura a continuación de la presente resolución.

SEGUNDO. Suministrar, por parte de la Intervención, a la BDNS a documentación necesaria para que se proceda a la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra.

Firmado electrónicamente al margen

O Alcalde,
José M^a Bello Maneiro





Expediente núm.: 119/2022

Extracto da convocatoria

Procedemento: Convocatoria Subvención Concurso Entroido Virtual 2022

Asunto: Concurso Carnaval Virtual 2022

Documento asinado por: O Alcalde e o Secretario

CARNAVAL VIRTUAL 2022

Bases reguladoras para el concurso CARNAVAL VIRTUAL 2022 organizado por el Ayuntamiento de Valga

PREÁMBULO

El Carnaval es una de las celebraciones más arraigadas en Valga. Cada año, los participantes y el público de diferentes puntos de Galicia se reúnen para participar en el desfile que organiza el Ayuntamiento de Valga. Este año, por la situación sanitaria, se ha decidido realizar el Carnaval de forma virtual.

Por ello, y para mantener las tradiciones culturales y fomentar la participación social en las actividades que se realizan, el ayuntamiento convoca el CARNAVAL VIRTUAL 2022.

BASES DE LA CONVOCATORIA EN CONCURRENCIA COMPETITIVA, PARA SUBVENCIONAR EL CARNAVAL VIRTUAL 2022 DEL AYUNTAMIENTO DE VALGA

1. OBJETIVO

El propósito de estas bases es regular las condiciones del Carnaval Virtual 2022.

2. PRESUPUESTO DISPONIBLE

Los importes destinados a esta convocatoria serán de:

- 1.430,00 euros, en premios, con cargo a la partida presupuestaria 334.489,00.





3. CONCURRENCIA COMPETITIVA

Los premios inherentes a este concurso se otorgarán de forma competitiva, previo estudio y evaluación por parte del jurado.

4. PARTICIPANTES

Se consideran participantes las personas físicas particulares que cumplan con los requisitos establecidos en estas bases.

5. MODALIDADES Y CATEGORÍAS

MODALIDADES	CATEGORÍAS	REQUISITOS
Infantiles	Individual	de 0 a 14 años.
	Pareja	
	Grupo	
Adultos	Individual	a partir de 15 años.
	Pareja	
	Grupo	
Especial (Máximo 4 participantes)	Disfraz más original	Participarán todos los inscritos en el concurso, valorándose por parte del jurado el mejor disfraz.
	Mejor disfraz de Mujeres Representativas de la Historia	Podrán participar todos los/as participantes, con la única condición de que representen a cualquier mujer representante de la Historia en general.

En caso de inscribirse conjuntamente dos o más personas de distintas edades se considerarán inscritos en la categoría de mayor edad.

6. EMISIÓN Y PAGO DE LOS PREMIOS

El Ayuntamiento distribuirá el presupuesto disponible de la siguiente manera:





CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55
concello.valga@eidolocal.es www.valga.gal

MODALIDADES	CATEGORÍAS	PREMIOS	
Infantiles	Individual	1º Premio: 50 euros	
		2º Premio: 40 euros	
		3º Premio: 30 euros	
		4º Premio: 20 euros	
	Pareja	1º Premio: 70 euros	
		2º Premio: 60 euros	
		3º Premio: 50 euros	
		4º Premio: 40 euros	
	Grupo	1º Premio: 90 euros	
		2º Premio: 50 euros	
	Adultos	Individual	1º Premio: 80 euros
			2º Premio: 70 euros
3º Premio: 50 euros			
4º Premio: 40 euros			
Pareja		1º Premio: 100 euros	
		2º Premio: 80 euros	
		3º Premio: 60 euros	
		4º Premio: 40 euros	
Grupo		1º Premio: 100 euros	
		2º Premio: 60 euros	
Especial		Disfraz más original	Premio: 100 euros
		Mejor disfraz de Mujeres Representativas de la Historia	Premio: 100 euros
	“Likes” *	Premio: 50 euros	

* El premio “Likes” se entregará al disfraz de cualquier categoría que tenga más “Likes” en su foto o vídeo.





7. REQUISITOS PARA LA CONDICIÓN DE PARTICIPANTE

No podrán obtener la condición de participantes las personas que reúnan alguna de las circunstancias previstas en el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones,.

8. CONCURSO

La metodología del concurso se llevará a cabo de la siguiente manera:

El Ayuntamiento de Valga recibirá las acciones previstas en el artículo 9 de este reglamento.

Una vez finalizado el plazo de inscripción y valorada la idoneidad del material multimedia enviado para el concurso, el ayuntamiento creará un álbum en sus redes sociales oficiales (Facebook e Instagram) para que sean visibles para el público en general. Esto se hará los días 26 y 27 de febrero. Durante estas fechas, los usuarios podrán puntuar los disfraces que más les gusten para el premio especial "Likes".

El jurado valorará la originalidad, imaginación y trabajo empleado en la confección del vestuario; así como la puesta en escena.

La resolución del concurso se llevará a cabo bajo los principios de transparencia, igualdad, objetividad y no discriminación. La decisión será inapelable y los premios podrán declararse desiertos si el jurado lo estima oportuno.

Esta decisión se hará pública dos días después del final del concurso.

9. PLAZO Y FORMULARIO DE PRESENTACIÓN DE LAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN Y PRESENTACIÓN DE MATERIAL MULTIMEDIA

El plazo de presentación de solicitudes de participación será hasta el 24 de febrero de 2022 a las 15:00 horas.

Esta inscripción se realizará a través del correo electrónico comunicacion@valga.gal, enviando, el formulario de inscripción y el material fotográfico o audiovisual. Solo se aceptará una foto o





vídeo por participante y categoría siendo esta del año en curso. La administración podrá solicitar los datos del archivo original para comprobar tal requisito.

Cada formulario debe incluir los datos que se indican:

- Categoría/s en las que se presenta. Solo se pueden ingresar en una categoría general y en una o ambas categorías de la modalidad especial. La inscripción siempre estará sujeta al cumplimiento de los requisitos establecidos.
- Nombre del disfraz.
- En las categorías individual o pareja se deben incluir los nombres y apellidos de todos los participantes (en el caso de los menores de edad, se debe incluir también el nombre y firma del padre, madre o tutor que será el responsable, además deberán cumplimentar la ficha de cesión de imagen). El DNI, dirección y teléfono de contacto.

10. CAMBIO Y VIGENCIA DE LOS VALES

El Ayuntamiento emitirá unos vales con los respectivos importes económicos. Los cupones se pueden utilizar en el comercio local de Valga.

Los vales podrán dividirse en vales de un mínimo de 20,00 euros, siempre que el importe así lo permita; de esta manera se facilita la compra en varios locales de Valga.

Estos vales se entregarán a partir del día en que se haga pública la resolución del concurso, si las condiciones sanitarias lo permiten.

Los beneficiarios tendrán todo el año 2022 para hacer uso de ellos en el comercio local. En este caso, se deberá acompañar fotocopia del DNI y entregar el bono original en la tienda donde sea utilizado.

11. ÓRGANO COMPETENTE PARA LA INSTRUCCIÓN Y RESOLUCIÓN DE LA CONVOCATORIA

El órgano competente para dictar cuántos acuerdos se requieren en el procedimiento será el Alcalde del Ayuntamiento de Valga.





12. COMPOSICIÓN Y COMPETENCIAS DEL JURADO

El jurado estará compuesto por el Concejal de Cultura, la Concejala de Turismo y Nuevas Tecnologías, y representantes de diferentes asociaciones del Ayuntamiento, siendo necesario un mínimo de 5 miembros.

El jurado se reserva el derecho de dejar el concurso desierto bajo los criterios de adecuación al objetivo del concurso o a la calidad.

Cualquier incidencia no prevista en estas bases será resuelta por el jurado, sin que proceda ninguna reclamación contra su decisión.

El hecho de participar en el concurso implica la aceptación expresa de la decisión del jurado. Las decisiones del jurado serán inapelables.

13. INFRACIONES Y SANCIONES

El jurado se reserva el derecho de rechazar cualquier trabajo que no cumpla con los distintos apartados establecidos en estas bases reguladoras.

14. MODIFICACIÓN DE LA RESOLUCIÓN

Cualquier alteración de las condiciones tenidas en cuenta para la concesión de los premios dará lugar a la modificación de la resolución de concesión, de acuerdo con lo previsto en el artículo 19.4 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre.

15. RÉGIMEN JURÍDICO

Además de lo dispuesto en las presentes bases, esta convocatoria se sujetará a lo dispuesto en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, en el Real Decreto 887/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, en la Norma de ejecución presupuestaria que se encuentre vigente en cada momento de cada convocatoria, y demás normativa que resulte de aplicación.

16. ACEPTACIÓN





La participación en este concurso supone la plena aceptación de las presentes bases y la conformidad con las decisiones del Jurado.

La organización se reserva el derecho a introducir, si lo cree conveniente, las modificaciones necesarias para el buen funcionamiento del concurso.

El derecho a la propia imagen está reconocido en el artículo 18 de la Constitución Española y regulado por la Ley 1/1982, de 5 de mayo, sobre el derecho al honor, a la intimidad personal y familiar y a la propia imagen y el Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos. Es por eso que, el AYUNTAMIENTO DE VALGA, le informa de que la **inscripción en el concurso supone la prestación del consentimiento para la publicación y uso por parte de esta Administración de las imágenes/vídeos y de los datos proporcionados, en los medios digitales de los que dispone, tanto en la página web como en los perfiles de las redes sociales del Ayuntamiento de Valga, así como en vídeos, revistas o publicaciones relacionadas con la promoción del Ayuntamiento de Valga.**





ANEXO I. FICHA INSCRIPCIÓN CARNAVAL VIRTUAL 2022

INFANTILES (0 a 14 años)	ADULTOS (a partir de 15 años)
INDIVIDUAL <input type="checkbox"/>	INDIVIDUAL <input type="checkbox"/>
PAREJAS <input type="checkbox"/>	PAREJAS <input type="checkbox"/>
GRUPO <input type="checkbox"/>	GRUPO <input type="checkbox"/>
MUJER REPRESENTATIVA DE LA HISTORIA <input type="checkbox"/>	
DISFRAZ (nombre):	
Nombre y apellidos de/la/s participante/s (para individual y pareja todos/as);	
En caso de menores de idade deberán constar los datos de la persoa representante mayor de edad (padre/madre/tutor/a)	
1.Representante:.....	
2.Participante:.....	
3.Participante:.....	
4.Participante:.....	
5.Participante:.....	
6.Participante:.....	
DNI:	
Dirección:	
Teléfono/s:	
Correo electrónico:	
<p>El derecho a la propia imagen está reconocido en el artículo 18 de la Constitución Española y regulado por la Ley 1/1982, de 5 de mayo, sobre el derecho al honor, a la intimidad personal y familiar y a la propia imagen y el Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos. Es por eso que, el AYUNTAMIENTO DE VALGA, le informa de que la inscripción en el concurso supone la prestación del consentimiento para la publicación y uso por parte de esta Administración de las imágenes/vídeos y de los datos proporcionados, en los medios digitales de los que dispone, tanto en la página web como en los perfiles de las redes sociales del Ayuntamiento de Valga, así como en vídeos, revistas o publicaciones relacionadas con la promoción del Ayuntamiento de Valga.</p>	



Cod. Validación: 5NT9CJDP5JK7ZENX7AQM5ZQTR | Corrección: https://valga.sedelectronica.gal/ Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestión pública | Páxina 17 a 18



CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55
concello.valga@eidolocal.es www.valga.gal

En _____, a ____ de _____ de 2022.

FIRMADO PARTICIPANTES (en caso de menor, padre, madre o representante legal).

